

Vigo, 07 de novembro do 2023

Vitor Manuel Mariño Fernández
Secretario da Sección Sindical da CUT Citroen: 605830802
citroen@cutgaliza.org

A empresa propón un convenio a 4 anos, con tan solo 100 contratos indefinidos (de 4h a tempo parcial) e 100 novacións de 4h a 8h (con cláusula de variabilidade). De retiradas de cláusula, ou de que estas novacións sexan por orde de antigüidade e non a dedo, non din nada.

Esta oferta para a maioría social resulta insuficiente (esta claro que forma parte da estratexia para a aparentar que se negocia), polo que entendemos algo trocara, salvo o da antigüidade que moito nos tememos seguirá a criterio do dedo divino.

O resto dos artigos salvo matizacións, a empresa e unha gran parte da mesa negociadora, pretenden que sigan igual.

No que atinxe ao tele-traballo, traen unha proposta para incluír no convenio, seguramente para (esquivar) a sentenza que gañou a CUT no TSXG por vulnerar dereitos fundamentais e de negociación colectiva, cando estableceron o tele-traballo con condicións ao libre arbitro sen negociar coa representación sindical.

Adiantan que, para a vindeira xuntanza van a traer un posible plan industrial, pero tamén alertan que vai a depender de mais medidas de flexibilidade.

Queda claro que, coa actual representación sindical que temos na planta, ou somos en conxunto das persoas traballadoras a que nos mobilicemos, ou este convenio non vai a mellorar as nosas condicións económicas e sociais.

Solo coa mobilización conseguiremos proxectos e melloras sen chantaxes, e claros exemplos temos.

Atte.

Sección sindical da CUT